

Ás portas do 30 aniversario

Alex Guillamón

Durante este 2018 a nosa organización fará, e celebrará, os seus primeiros 30 anos de existencia. No vindeiro número trataremos de amosar un panorama máis detallado, tanto da nosa historia, como sobre el o papel que cremos que pode ter unha organización como Entrepobos no contexto actual. Aquí só queremos agora facer un primeiro recordatorio e agradecemento aos centos de persoas e aos moitos colectivos que, dende 1998, fixestes posible a traxectoria desta organización de solidariedade internacional e o mantemento durante este tempo dos seus valores e a súa independencia.

Pero en realidade esta historia empezou xusto dez anos antes... Foi en febreiro de 1978, cando saltou á prensa internacional o barrio de Monimbó. Era o día do aniversario de Sandino. A poboación desta comunidade indíxena en Masaya xa non aturou máis, per-

der en Centroamérica, senón tamén o que nos estaba ocorrendo no noso país. Unha xeración de activistas empezaba a dixerir a frustración das expectativas que alimentaran na loita contra a ditadura franquista, que ían moito máis alá de poder votar cada




1980: As mozas de Managua parten cara á Cruzada de Alfabetización

deu o medo e alzouse, iluminando a longa e cruel noite na que os EEUU tiñan sumida a Nicaragua coa ditadura dos Somoza. Aínda faltaban 17 meses para que a Fronte e o pobo sandinista tomaran Managua e se fixeran donos de todo o país. Pero Monimbó foi o «efecto mariposa» que, a máis de 8.000 kilómetros de distancia, estimulou o nacemento, ao comezo tímido, dos primeiros comités de solidariedade coa revolución nicaragüana na península ibérica, que axiña daría lugar ao primeiro grande movemento de solidariedade internacionalista.

É importante sinalar que o estoupido deste movemento de solidariedade non tivo unicamente como causa o que estaba a suce-

catro anos para que as élites económicas e políticas seguiran conservando os seus privilexios. E proxectaron en Nicaragua estas expectativas. Esta proxección xuntouse coa oportunidade de dirixir a mirada, por primeira vez en moitas décadas, máis alá das fronteiras nas que o franquismo tivo pechado ao país.

O apasionante reto dunha revolución nun dos países máis pobres do continente americano, enfrontada á guerra de baixa intensidade financiada polo imperialismo [...] cautivou e mobilizou a milleiros de internacionalistas, e aquela experiencia marcou as nosas vidas. Dende o Estado español foron sucesivas as remesas de



*É importante
sinalar que o
estoupido deste
movemento de
solidariedade
non tivo
unicamente
como causa
o que estaba
a suceder en
Centroamérica,
senón tamén o
que nos estaba
ocorrendo no
noso país*

*Destes valores
 e do saber
 acumulado neste
 movemento de
 solidariedade
 herdamos
 algunhas
 das premisas
 básicas da nosa
 identidade, que,
 a día de hoxe,
 aínda apenas
 se entenden na
 «cooperación ao
 desenvolvemento»*

voluntarios(as) organizadas dende a rede de Comités de Solidariedade con Centroamérica existentes en todo o estado, ou dende sindicatos e comités de empresa, ou de xeito espontáneo e individual [...].

Levabamos na mochila un puñado de libros e a sana intención de ensinar ao que non sabe. Pero unha vez estrelados contra unha realidade moito máis complexa, decatámonos de que os nosos desfasados manuais íannos servir de pouco, que as nosas ganas de ensinar se converteran en ganas de aprender. Unha

e Mesa Grande (Honduras), onde, por certo, Berta Cáceres aprendeu as primeiras letras da palabra solidariedade apoiando as comunidades salvadoreñas refuxiadas na súa terra; nas montañas e selvas guatemaltecas do Quiché ou os campos de refuxio de Campeche, Chiapas ou Quintana Roo –México–. Xente de todas as profesións, estudantes e, especialmente, xente adicada ao ensino ou a sanidade..., xente solidaria que quería axudar a aqueles pobos a pular por un novo mundo, xa que non se tiña conseguido aquí.



As comunidades salvadoreñas chegan ao refuxio de Colomoncagua (Honduras)

dor profunda espertáranos do sono da utopía, abríndonos os ollos ante a traxedia dun pequeno e violentado país ao que non se lle permitía nin respirar.¹

Foi a Cruzada Nacional de Alfabetización nicaragüana a que, a partir de marzo de 1980, convocou as primeiras brigadas internacionalistas, multiplicando e extendendo o movemento. Ao mesmo tempo, co inicio dos movementos insurreccionais contra os gobernos militares n'Os Salvador e Guatemala, o movemento de solidariedade estendeuse a estes dous países.

Durante esta década centos de persoas acompañaron o pobo de Nicaragua que resistía a «guerra sucia» do Goberno de Reagan; ou ao salvadoreño en Morazán, en Chalatenango (nas zonas liberadas do FMLN), ou nos campos de Colomoncagua

Entrepobos foi o resultado dun proceso de discusión na coordinación estatal dos Comités de Solidariedade, como un instrumento do movemento de solidariedade, para facer fronte aos retos e posibilidades que se abrían (xa na segunda metade dos 80) co inicio das políticas públicas de cooperación estatais e descentralizadas. Para incidir nelas dende os valores e as visións dun movemento social que nacera previamente e que, polo tanto, non dependía nin quería depender delas.

Destes valores e do saber acumulado neste movemento de solidariedade herdamos algunhas das premisas básicas da nosa identidade, que, a día de hoxe, aínda apenas se entenden na «cooperación ao desenvolvemento», como bifocalidade, a autonomía política e a horizontalidade nas relacións solidarias:

1. «La llamada de Nicaragua 30 años después», escrito colectivo, Viento Sur 2014


Cando se observan as actividades do Comité nestes 25 anos, pódese comprobar o carácter

bifocal das súas accións, é dicir, a focalización cara a propia sociedade por un lado [...] e cara o acompañamento de loitas en diferentes pobos, comunidades e países, por outro.

Produto da reflexión sobre a experiencia realizada coas «Frontes» en Centroamérica, afianzouse o concepto de autonomía política do propio Comité e o carácter bidireccional da solidariedade.²

Pero os Comités de Solidariedade sufriron un declive importante a principios dos 90.

do lazos en Cuba con organizacións que promoven procesos de educación popular e valores emancipadores como o feminismo, a economía social e o ecoloxismo. E dende finais dos 90 Entrepobos decidiu empezar a traballar na zona andina, onde temos consolidado relacións de solidariedade e cooperación con organizacións e movementos sociais transformadores en Ecuador e Perú. Tamén apoiamos procesos máis concretos do MST en Brasil ou a defensa dos DDHH en Honduras. E temos promovido a solida-



Asemblea de Entrepobos 1990

Os procesos de paz en Centroamérica, con diferentes matices, cambiaron cousas, para que non cambiara nada. Custou dixerir as derrotas e as autoderrotas dos procesos revolucionarios. E unha organización como Entrepobos, que nacera no seo dese movemento social internacionalista, tivo que seguir o seu camiño nun diferente contexto, iso si, conservando un funcionamento baseado en organizacións territoriais con persoas activistas dalgúns dos Comités de Solidariedade que sostiveron a súa aposta internacionalista na década neoliberal.

Nestes novos contextos ampliamos os horizontes da nosa cooperación solidaria. Dende a insurrección zapatista en 1994 quixemos manter vínculos solidarios en Chiapas cos procesos que alí se desenvolvían. Dende esa mesma época seguimos mantenen-

riedade entre movementos e organizacións cara a fronteira Sur, en Marrocos.

Esta ampliación de experiencias permíttunos gañar en aprendizaxes, enriquecer a nosa visión e coñecer interesantes procesos de loita emancipadora e as súas contradicións.

Ao longo destes anos fomos implicándonos no noso país e temos cultivado lazos internacionais con organizacións e movementos sociais, tratando de apoiar e interconectar reivindicacións e alternativas:

- Dende o internacionalismo feminista, aprendendo dos movementos feministas a súa crítica radical ao patriarcado, a súa defensa da xustiza de xénero, dunha vida libre de violencias, da soberanía dos corpos e da sustentabilidade da vida;
- Cos pobos indíxenas, cooperando na defensa dos seus dereitos, que se poden resumir no dereito á autodeterminación.
- Dende o internacionalismo ecoloxista, tecendo complicidades tamén cos mesmos

Ao longo destes anos fomos implicándonos no noso país e temos cultivado lazos internacionais con organizacións e movementos sociais, tratando de apoiar e interconectar reivindicacións e alternativas

2. *Más de 25 años de internacionalismo*, Interpueblos, Comité de Solidaridad con los Pueblos, Cantabria 2005

*Vos convidamos
xa dende agora,
á 30ª Asemblea
anual que se
celebrará os días
12 e 13 de maio
en Barcelona*



pobos indíxenas, co ecoloxismo social e os movementos campesiños, na defensa do territorio e os bens comúns e no seu cada vez máis urxente labor de crítica e proposta de alternativas ao desenvolvemento capitalista;

- Como defensoras e defensores de dereitos humanos aprendendo a coidarnos, a protexer e a protexernos fronte ao crecente autoritarismo, os recortes de liberdades, a criminalización da protesta social ou da inmigración;
- Aportamos o noso pequeno gran de area en promover un movemento local e internacional de crítica e alternativas ao xigantesco poder das corporacións multinacionais, o seu asalto á soberanía dos pobos e á súa cooptación das institucións públicas.
- E temos acompañado procesos de organización a través da educación popular, a economía solidaria, a comunicación social, etc.

No documento fundacional de Entrepobos en 1988 dicíase que «As causas da rebelión son moitas, a veces van soas, outras van todas xuntas», pois ben, entendemos que os problemas aos que se enfrenta a humanidade neste século XXI preséntannos a necesidade de xuntar e integrar estas causas.

E cremos que no 2018 e de aí en adiante, a pesar do repregamento etnocéntrico e da cultura do medo que tratan de inocularnos dende os poderes económicos e políticos, o internacionalismo será máis necesario ca nunca. Que non poderá existir ningún movemento realmente transformador que non teña as súas raíces firmemente apoiadas na realidade local, pero tampouco sen unha

nida conciencia das implicacións que teñen os fenómenos globais que vivimos e sufrimos neste século no noso quefacer e vivir local, nin tampouco sen unha clara conciencia da responsabilidade planetaria das nosas opcións neste quefacer e vivir local. Por iso seguirá sendo importante a existencia de organizacións que impulsen esta conciencia e práctica internacionalista.

Nesta traxectoria non soamente temos contado co apoio e a participación de todas as persoas e colectivos que se asociaron, participaron activamente ou colaboraron puntualmente con Entrepobos, tamén podemos contar coa complicidade de centos de persoas e organizacións imposibles de enumerar, coas que nos fomos apoiando mutuamente na activación de campañas, movementos sociais, reivindicacións sociais e políticas, etc. E, por suposto coas organizacións irmás de Abya Yala/América Latina e algunhas de Marrocos, das que fomos aprendendo case todo.

Non fomos nunca unha organización especialmente preocupada pola auto-promoción. Quizais pola nosa orixe, nunca concebimos Entrepobos como un fin en si mesmo, senón como unha modesta aportación á transformación social «en, dende e con» os movementos sociais emancipadores, dende unha visión internacionalista.

Pero todo iso non quita para ser quen de eloxiarse cando hai que eloxiarse. Por iso vos convidamos xa dende agora, tanto á 30ª Asemblea anual que se celebrará os días 12 e 13 de maio en Barcelona, como ás diferentes actividades que en cada localidade realizarán as organizacións territoriais de Entrepobos. ■